



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Revogación da delegación de competencias do Concello de Arzúa

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 1 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“28. Dación de conta do acordo do Concello de Arzúa polo que non se prorroga a delegación das competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestar servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa.

Dáse conta da revogación solicitada polo Concello de Arzúa, da delegación do exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun exercicio determinado e a instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de dereito público resultantes.

A citada revogación producirá efectos dende o día 6 de abril do 2024, seguindo a tramitación do Plan de control financeiro do ano 2023 polas subvencións pagadas polo Concello durante os anos 2020 e 2021.

Despois da sesión plenaria, publicarase a revogación da competencia no BOP, segundo o previsto no artigo 9.3 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 12 de marzo do 2024

O presidente,
Valentín González Formoso

A secretaria xeral,
Amparo Taboada Gil

2024/1701